

O escudeiro Pai Soares, que non fora na súa vida ó San Andrés de Teixido, erguese na súa cova e tomou camiño cara ó Norte.

5 Camiñando, camiñando, surtiulle una velliña vella, branca coma o luar, de loito vestida. Pai Soares fincou os xeonllos no chan e beixoulle os pés.

-¿Para onde vas, pai Soares?

- Lonxe, cara ó Norte, ó San Andrés de Teixido

- Non entrarás no ceo se aló non vas...

10 - Ides soíña e tristeira...

- Coroa podía eu levar na miña testa.

- ¡Se tivesedes fillos que a recadasen!

- ¿Logo é certo que o mundo principia unha nova vida?

- Andan a creba-las vellas madeiras

15 - Tamén eu vou chamar ós meus fillos...

E a velliña colleu para a vila e chamou á porta dun seu fillo que era avogado.

-Veño a que defendá-lo meu dereito

- ¿Cal é, logo, o voso dereito?

20 - Houbo un tempo no que toda esta terra era miña , e os meus fillos tamén eran meus. Mais viñeron os meus veciños e fixéronse donos dos meus eidos, e mais ensañáronse na miña honra. E trocaron de tal xeito os meus fillos, que case non os coñezo, nin eles me coñecen a min. Tanto se imitan ós estraños... E como ti es avogado, quero que defenda-lo meu dereito, para que me fagan xustiza e me volvan os meus fillos, e me volvan o meu casar.

25 Respondeu o avogado:

-Señora, eu non podo defende-lo voso dereito, que non está escrito en ningún código. Eu non defendo máis que os dereitos que estean amparados pola lei.

E a velliña vella marchou coa alma amargurada pola ruada da orballeira frienta, e foi onda seu fillo que era escritor.

30 - Onda ti veño para que me defendas. Ti escribes nos papeis e os homes escóitante. Fixéronme inxustiza e tiráronme o que era meu. O meu fillo avogado non me quere defender, porque o meu dereito non está nos códigos. Mais ti has de falar por min, para que a xente faga leis que me amporen.

Respondeu o escritor:

35 -Señora, a xente dáme tino porque lle falo do que ela quere. ¿Quen ten que ver co voso dereito? Eu non vos podo defender, se non perderei o creto.

E a velliña vella marchou coa alma amargurada pola rúa chuviñenta, petar a outra porta. E foi ver un seu fillo que viñera das Américas con moito diñeiro.

40 -Aquí veño, onda ti, porque os que me podían defender desbótanme; non queren pedir para min xustiza, nin vingá-las aldrases que me fan. É que me ven pobre; mais ti darasme cartos e erguerei tódolos meus fillos atrás de min.

Respondeu o americano:

45 -Señora, eu teño que atender cos meus cartos as obras que traio entre mans: eu fago escolas, asilos e hospitais que pasan á xente e pregoan o meu nome. Se eu vos dese tino, ¿quen me ía chamar gran filántropo?

E a velliña vella fuxiu da vila e principou a andar por unha corredoira enlamada. Ó pé do camiño atopou un dos seus fillos, que era labrego, traballando nun eido.

A velliña vella faloulle:

50 -Eu tiña terras, e xa non as teño; tiña fillos e os fillos déixanme. Andei a pedir xustiza, pecháronme tódalas portas...

O labrego escoltaba moi atento, botado para diante, apoiado coas dúas mans no legón.

A velliña vella seguiu:

55 -Andei na vila petando a tódalas portas, de todas me botaron. Agora veño onda ti, que me has defender contra todos. Se ti queres, recobrarei as miñas terras, os meus fillos voltarán onda min, e tornarei a se-lo que fun.

O labrego respondeu:

60 -Señora, o que a vostede lle pasa, levar, lévame lástima... ¡Afellas que ma leva!... Mais neste mundo, cada un goberna a súa vida e procura do seu... Velaí está: se viñese un goberno que quitase os foros, que quitase os caciques, que quitase os trabucos...

E revolveuse e seguiu sachando no eido.

A velliña vella, magoada e tristeira foi andando, andando...

65 O escudeiro Pai Soares tornaba da súa romaxe, en procura da súa campa na igrexa da aldea. No medio da gándara esquiva, atopou a velliña vella, a carón dunha pedra das que chaman pedras dos xentís.

Estaba petando nela cun croio, para despertar ós que dormen debaixo o sono eterno...